

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 10 de outubro de 2002 pola que se convoca concurso de traslados específico, entre funcionarios docentes do corpo de profesores de ensino secundario e profesores técnicos de formación profesional para cubrir prazas da especialidade de economía.*

Advertidos erros na devandita orde publicada no DOG do 28 de outubro do 2002, é necesario face-la seguinte rectificación:

-Na páxina 15.255, base terceira, onde di:

«De conformidade coa disposición transitoria quinta e o anexo V do Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro, poderán solicitar estas prazas, por unha soa vez, e con ocasión de vacantes, os profesores de ensino secundario que aínda non sendo titulares da especialidade reúnan as seguintes condicións:

1. Ter destino no ámbito de xestión da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que, de conformidade co establecido no parágrafo segundo do número 6 da disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, transcorresen ó remate do presente curso académico, alomenos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

2. Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:...».

Debe dicir:

«De conformidade coa disposición transitoria quinta e co anexo V do Real decreto 1635/1995, do 6 de outubro, poderán solicitar estas prazas, por unha soa vez, e con ocasión de vacantes, os profesores de ensino secundario que aínda non sendo titulares da especialidade reúnan as seguintes condicións:

1.A. Funcionarios dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

1.1. Poderán participar con carácter voluntario neste concurso de traslados:

a) Os funcionarios que estean en situación de servizo activo con destino definitivo en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que, de conformidade co establecido no parágrafo segundo do número 6 da disposición adicional décimo quinta da Lei 30/1984, do 2 de agosto, transcorresen ó remate do presente curso académico, alomenos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

b) Os funcionarios que se atopen en situación de servizos especiais declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que transcorresen ó remate do presente curso académico, alomenos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo.

c) Os funcionarios que estean en situación de excedencia voluntaria declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Se se tratase dos supostos de excedencia voluntaria por interese particular ou por agrupación familiar recollidos nos puntos 2º e 3º do artigo 55 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública galega, só poderán participar se ó finaliza-lo curso escolar en que se realicen as convocatorias transcorresen dous anos desde que pasaron a esta situación.

d) Os funcionarios que se atopen en situación de suspensión declarada desde centros actualmente dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, sempre que ó finaliza-lo curso escolar en que se realicen as convocatorias transcorrese o tempo de duración da sanción disciplinaria de suspensión.

1.2. Para os efectos previstos no punto 1 entenderase como data de finalización do curso académico a do 30 de setembro de 2003.

1.B. Os profesores con destino provisional durante o curso 2002/2003 que estean prestando servizos en centros dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

2. Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:...».

**Resolución do 24 de outubro de 2002, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se anuncia a publicación das puntuacións provisionais da fase de concurso dos procedementos selectivos de acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, quen da especial, na especialidade de psicología e pedagogía.**

De conformidade coa base común 7.1 da Orde do 16 de xullo de 2002 pola que se convocaban procedementos selectivos de acceso ó corpo de profesores de ensino secundario quenda especial, na especialidade de psicología e pedagogía, establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada, en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En consecuencia, esta dirección xeral

**DISPÓN:**

Primeiro.-Facer pública na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e nas delegacións provinciais, a partir do día seguinte da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, as puntuacións provisionais dos baremos establecidos na Orde do 16 de xullo de 2002.

Segundo.-Contra estas puntuacións poderá interpoñerse recurso de alzada, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da súa publicación, ante o

conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2002.

Severino Somoza Gómez  
Director xeral de Persoal

*Resolución do 24 de outubro de 2002, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se anuncia a publicación das puntuacións provisionais da fase de concurso dos procedementos selectivos de acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, artigo 15 da Lei de medidas, na especialidade de psicoloxía e pedagogía.*

De conformidade coa base común 7.1 da Orde do 11 de xullo de 2002 pola que se convocaban procedementos selectivos de acceso ó corpo de profesores de ensino secundario, artigo 15 da Lei de medidas, na especialidade de psicoloxía e pedagogía establece que a valoración dos méritos presentados polos aspirantes será efectuada, en nome dos tribunais, por unha comisión integrada por funcionarios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

En consecuencia, esta dirección xeral

**DISPÓN:**

Primeiro.-Facer pública na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e nas delegacións provinciais, a partir do día seguinte ó da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, as puntuacións provisionais dos baremos establecidos na Orde do 11 de xullo de 2002.

Segundo.-Contra estas puntuacións poderá interpoñerse recurso de alzada, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ó da súa publicación, ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2002.

Severino Somoza Gómez  
Director xeral de Persoal

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE**

*Orde do 24 de outubro de 2002 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante no organismo autónomo Augas de Galicia, anunciada pola Orde do 13 de novembro de 2001.*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante no organismo autónomo Augas de Galicia, anunciada pola Orde do 13 de novembro de 2001 (*Diario Oficial de Galicia* nº 234, do 4 de decembro), no uso das facultades

e atribucións conferidas no artigo 15.4º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, modificada pola Lei 3/1995, do 10 de abril, e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, esta consellería

**DISPÓN:**

Primeiro.-Resolve-la convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante no organismo autónomo Augas de Galicia, anunciada pola Orde do 13 de novembro de 2001 (*Diario Oficial de Galicia* nº 234, do 4 de decembro de 2001).

Segundo.-Declarar deserta a citada convocatoria.

Terceiro.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición perante o conselleiro de Medio Ambiente, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro, ou directamente recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados desde a mesma data, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 24 de outubro de 2002.

José Carlos del Álamo Jiménez  
Conselleiro de Medio Ambiente

**CENTRO INFORMÁTICO PARA A XESTIÓN TRIBUTARIA, ECONÓMICO-FINANZEIRA E CONTABLE**

*Anuncio de resolución da convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de tres postos de traballo neste centro.*

Ó abeiro do disposto na disposición adicional segunda do Decreto 360/1998, do 4 de decembro, anúnciase que o director xeral do CIXTEC, dictou a Resolución do 28 de outubro de 2002, pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de tres postos de traballo no CIXTEC. A asignación das prazas da referida convocatoria está á disposición dos interesados no taboleiro de anuncios, das dependencias do referido centro (rúa Domingo Fontán, 9, Santiago de Compostela).

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2002.

Gonzalo Gómez Montaña  
Director xeral do Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable